

<b>Obxecto:</b>	Solicitude de informe do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) e Proxecto Sectorial (PS)
<b>Proxecto:</b>	Parque Eólico Monteagudo (Modificación substancial)
<b>Concellos:</b>	Arteixo, A Laracha e Carballo (A Coruña)
<b>Promotor:</b>	Eólicos Breogán S.L.U.
<b>Remitido:</b>	Servizo de Enerxía e Minas da Coruña. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
<b>Clave:</b>	IN661A 03/03
<b>Expte.:</b>	03.I.166.2008.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 31.05.2022 ten entrada, no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, no que de acordo co artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante DXPC) emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monteagudo, octubre 2021*, e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Monteagudo, octubre 2021*, nos termos municipais de Laracha, Arteixo e Carballo (A Coruña).

#### ANTECEDENTES E FEITOS

Con data 21.08.2003 o director xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección arqueolóxica do Parque Eólico de Monteagudo (concellos de Laracha, Arteixo e Carballo, A Coruña)*, baixo a dirección da arqueóloga Maite Pérez Gil, da empresa ACTEO Arqueología y Patrimonio S.L., promovida e presentado pola sociedade por Envirol Galicia, S.A. o 29.07.2003. O deseño do proxecto consistía Dita nun parque eólico de 58 aeroxeradores, cunha potencia de 49,3 MW.

Con data 10.12.2007 o director xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección arqueolóxica para o estudo do patrimonio do parque eólico de Monteagudo*, baixo a dirección do arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, da empresa ZETA Arqueoloxía e Patrimonio, promovida e presentada pola empresa Adantia S.L. en data 12.11.2007. O proxecto recibe o código CD 102A 2007/753-0.

Con data 24.11.2008, o director xeral de Patrimonio Cultural, emite informe relativo o documento *Estudo de Impacto Ambiental. Parque eólico Monteagudo. Xaneiro de 2008*. En dito informe sinalábase a necesidade de contar cunha nova posición para os aeroxeradores AG-3 e AG-4 e as súas infraestruturas asociadas. Asemade se establecían medidas protectoras e correctoras a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Con data 01.04.2009, o director xeral de Patrimonio Cultural, emite informe relativo á documentación complementaria presentada polo promotor e remitida pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria (A Coruña). No informe requiríase a presentación de nova documentación na que se avalíe as posicións alternativas dos aeroxeneradores AG-3 e AG-4 e a súas infraestruturas asociadas, así como, a nova proposta de vial que comunica os aeroxeneradores AG-1 e AG-2.

Con data 10.03. 2010, o director xeral de Patrimonio Cultural, emite informe relativo ó documento *Addenda ó EIA do Parque eólico Monteagudo (Arteixo, Carballo e Laracha, A Coruña)*, remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria (A Coruña), e no que reiterábase o manifestado no informe do 01.04.2009. Nesta addenda o parque conta con 7 aeroxeradores e unha potencia de 19,5 MW, modificando o emprazamento de dous maquinas.

Con data 28.07.2011, o director xeral de Patrimonio Cultural, emite informe relativo ó documento *Memoria Ambiental xustificativa de aumento de potencia. Novembro 2010, relativo Modificado do Parque Eólico Monteagudo (Carballo, A Laracha e Arteixo, A Coruña)*, remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria (A Coruña). Dito informe establecía a necesidade de contar cunha nova avaliación do proxecto sobre o patrimonio cultural que incorporara os resultados da *Prospección arqueolóxica para o estudo do patrimonio do parque eólico de Monteagudo*, dirixida pola o arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar (CD 102A 2007/753-0).

Con data 06.03.2012, o director xeral de Patrimonio Cultural, informe favorablemente o documento *Addenda ao Modificado Parque Eólico Monteagudo (Arteixo, Carballo e Laracha, A Coruña)*, remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria (A Coruña).



Con data 08.10.2012 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula a Declaración de Impacto Ambiental relativa ao Proxecto Modificado do Parque Eólico Monteagudo, nos concellos Arteixo, Carballo e A Laracha (A Coruña), promovido por Eólica Galega del Atlántico, S.L. (Clave: 2012/0111).

Con data 14.05.2013, o directora xeral de Patrimonio Cultural, informe favorablemente o documento *Proxecto Sectorial. Parque eólico Monteagudo e Addenda ao Proxecto Sectorial*, remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria (A Coruña).

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20 do 01.02.2021)
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia* (DOG núm 101, do 27.05.2022).
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.*(DOG núm 126 do 04.07.2022)

#### **Análise dos documentos**

##### **Estudo de Impacto Ambiental**

- O obxecto do proxecto actual é construír un parque eólico formado por cinco aerogeradores Nordex N149 IECS T125, con potencia unitaria de 4,5 MW (1), 4 MW (3) e 4.38MW (1), cunha potencia total instalada de 20,88 MW. Os aerogeradores agrúpanse en dous circuitos (o primeiro constituído polos aerogeradores A1.1 e A1.2, e o segundo os A2.1, A2.2 e A3.1). A altura de buxe é de 125 m, e un diámetro de rotor de 149,1 m. Ademais o parque conta coa seguinte infraestrutura asociada: os accesos e os vieiros interiores, as cimentacións dos aerogeradores, as plataformas de montaxe, as gabias de cableado, drenaxes lonxitudinais e transversais, a zona de acopios, o edificio de control e a subestación eléctrica.
- O PE Monteagudo conectarase dende a súa subestación coa LAT 66 kV Monteagudo-Morás, obxecto dun proxecto independente.
- O acceso ao parque eólico arranca dende a fábrica ata a estrada provincial CP-0513 (Caión– Paiosaco), accedendo a esta pola comarcal AC-552. Como acceso interno utilízase a estrada CP-0513 ata os cruce dos camiños que van cara aos aerogeradores. Para acceder a subestación, edificio de control e aerogeradores A2.1 e A2.2 empréganse vieiros existentes (modificados no ancho ata 6,5 metros) e de nova construción para os aerogeradores A1.1 e A1.2. Os vieiros internos, entre os diferentes aerogeradores, son de dous tipos: o primeiro con capa de grava e o segundo de formigón. O total de viarios teñen unha lonxitude total de 3.202,92 m (1.066,03 m dende o primeiro tramo ata a subestación, 1.880,20 m os de grava son, e 256,70 m os de formigón). Os viarios interiores terán un ancho de seis metros e medio útiles, con sobranceos de 30 m antes e despois das curvas. Así coma zonas de xiro de 40 metros de radio, cunha lonxitude de 60–65 metros.
- No apartado 6, *Analisis de Alternativas*, sinálase que ademais da Alternativa 0, a de non execución, e no subapartado 6.2 *Alternativas de Proxecto*, analizáronse outras dúas opcións (A e B).
  - A alternativa A, formada por cinco aerogeradores, de potencia unitaria 4,5 MW e unha potencia total de 20,88 MW, unha subestación e un edificio de control; ningún elemento arqueolóxico veríanse afectado polas obras deseñadas do PE.
  - A alternativa B, con 6 aerogeradores de 3MW e 1 de 1,5MW, cunha potencia total instalada de 19 MW, con alturas de buxe e radio de xiro menores. Ten unha ocupación do terreo maior que a



alternativa A. No que respecta ao patrimonio cultural ambas alternativas non teñen incidencia significativa. A Alternativa A é a elixida e presentada no EsIA.

- En diferentes apartados da Memoria do EsIA faise referencia as afeccións e medidas correctoras sobre o patrimonio cultural, remitindo ao Anexo H onde se recollen os resultados das prospeccións arqueolóxicas do PE.
- No apartado 13. *Programa de vigilancia ambiental*, subapartado 13.1.- *Fase previa a la construcción*, subapartado 13.1.1- *Seguimiento y comprobación del replanteo*, onde sinálase que previamente ao comezo das obras o director disporá de toda a información ambiental necesaria. Balizándose e definindo a zonas de obra e as zonas de exclusión, en especial por motivos de protección do patrimonio cultural.
- No apartado 14.- *Documento de síntesis*, recollese dun xeito resumida todo o expresado na memoria do EsIA.
- No Anexo F, *Medio socioeconómico y turístico*, recollen todos os elementos patrimoniais coas súas afeccións e remítenos ao Anexo H, *Estudio Arqueológico*.
- No Anexo H, *Avaliación do impacto patrimonial do PE Monteagudo, en Carballo, Arteixo e A Laracha, A Coruña*, memoria II, revisión II, incorpora os resultados da *actualización da avaliación de impacto* arqueolóxico e patrimonial da área de implantación do Parque Eólico Monteagudo, realizada pola arqueóloga M<sup>a</sup> Paz Blanco Sanmartín. O documento considera que as modificación no deseño do parque, executadas pola empresa promotora, ata acadar o deseño actual non conleva cambios en relación á avaliación de impacto realizada na memoria II do 2020. Mantense polo tanto os impactos establecidos e as medidas correctoras. Sen embargo consultada a planimetría LIDAR e a cartografía de pendentes, aparecen catro elevacións susceptibles de ser considerados elementos arqueolóxicos.
- En total analízanse doce elementos do patrimonio que se localizan dentro do perímetro da poligonal das obras proxectadas. Dos cales dous son patrimonio arquitectónico, outros dous son topónimos, cinco son elementos do Neolítico/Bronce, e o resto, posibles xacementos, tamén do Neolítico/Bronce. A relación e valoración dos impactos sobre os bens arqueolóxicos afectados polo proxecto que se presenta no estudo é a seguinte:

Código	Elemento	Causa do impacto e xustificación	Impacto
GA15041036	Túmulo 3 de Chousa do Rapadoiro Vello	A 86 metros do xacemento situase o aero A1.2 e a súa gabia	severo
GA15019037	Túmulo 1 de Carballedo	A 194 metros do túmulo encontrase o vieiro dos aeroxeradores A1.1 e A1.2	compatible
TO15019005	Capilla	O topónimo ocupa unha zona onde se sitúan os aeroxeradores A1.1, A1.2 e A2.1, así coma a subestación, vieiros e gabias.	Compatible
GA15019038	Túmulo 2 de Carballedo	A mais de 240 metros de calquera obra do PE.	Sen impacto
GA15019041	Túmulo 3 de Carballedo	A mais de 250 metros de calquera obra do PE.	Sen impacto
GA15041034	Túmulo 1 de Chousa do Rapadoiro Vello	A mais de 280 metros de calquera obra do PE.	Sen impacto
GA15041035	Túmulo 2 de Chousa do Rapadoiro vello	A mais de 280 metros de calquera obra do PE.	Sen impacto
GA15005030	Mámoa de Alvite	A mais de 1 quilómetro de calquera obra do PE.	Sen impacto
TO15041009	Topónimo A Muralla	A mais de 200 metros de calquera obra do PE.	Sen impacto
	Posibles túmulos en	Na zona situase o vieiro de acceso ao aeroxerador A3.1.	Compatible



	O bosque e A Piollosa.		
--	------------------------	--	--

Establécense como medidas correctoras xenéricas:

- Sinalización nos planos de obra dos xacementos na zona de afección do proxecto.
- As remocións e os acopios non previstos serán consultados aos arqueólogos que leven a cabo os traballos de control arqueolóxico. Calquera obra de reforma ou modificación de camiños ou viales non prevista en proxecto deberá contar coa aprobación e supervisión dos arqueólogos encargados do control e seguimento arqueolóxico das obras.
- As obras de construción das plataformas, zapatas e resto de infraestruturas restrinxiranse ás áreas marcadas para tal fin, tal e como son recollidas na planimetría.
- Quedará prohibido o tránsito e o estacionamento de maquinaria fora das áreas habilitadas para este fin, especialmente na contorna inmediata dos xacementos e bens patrimoniales recollidos neste documento e os seus respectivos ámbitos de protección.

As medidas correctoras específicas propostas no estudo son as seguintes:

Código	Elemento	Impacto	Medidas correctoras específicas
GA1504103 6	Túmulo 3 de Chousa do Rapadoiro Vello	Severo	Sinalización do xacemento na planimetría de obra. Delimitarase a zona de obra mediante balizado. Control arqueolóxico do replanteo do A1.2 e da gabiá de cableado e das obras realizadas no ámbito de protección do túmulo.
GA1501903 7	Túmulo 1 de Carballedo	Compatible	Sinalización do xacemento na planimetría de obra. Delimitarase a zona de obra mediante balizado. Control arqueolóxico do replanteo do vial, verificando que o punto máis cercano da obra situase a 200 metros do elemento arqueolóxico.
TO1501900 5	Capilla	Compatible	Sinalización da área designada polo topónimo na planimetría da obra. Control arqueolóxico da retirada de vexetación na zona, previo ao inicio da obra. Asemade control arqueolóxico durante a execución das obras proxectadas na zona.
GA1501903 8	Túmulo 2 de Carballedo	Sen impacto	Sinalización do xacemento na planimetría da obra. Balizado do lateral dos túmulos de Carballedo. Control arqueolóxico no replanteo do vial, no proceso de balizado e durante a fase de obra.
GA1501904 1	Túmulo 3 de Carballedo	Sen impacto	Sinalización do xacemento na planimetría de obra. Delimitarase a zona de obra mediante balizado. Control arqueolóxico do replanteo, do balizado e de maneira permanente durante a fase de obras.
GA1504103 4	Túmulo 1 de Chousa do Rapadoiro Vello	Sen impacto	Sinalización do xacemento na planimetría da obra.
GA1504103 5	Túmulo 2 de Chousa do Rapadoiro Vello	Sen impacto	Sinalización do xacemento na planimetría da obra.
GA1500503 0	Mámoa de Alvite	Sen impacto	Sen medidas específicas.
TO1504100 9	Topónimo Muralla	Sen impacto	Sinalización do xacemento na planimetría da obra.
	Posibles túmulos en O Bosque e A Piollosa.		De confirmarse a existencia do xacemento a DXPC tomará as medidas que considere máis axeitadas.





## Proxecto de Sectorial

O proxecto sectorial pretende a ordenación territorial dos terreos afectados polas infraestruturas, instalacións e dotacións do Parque Eólico Monteagudo, nos concellos de A Laracha, Arteixo e Carballo, na provincia de A Coruña. Na Memoria do Proxecto Sectorial do PE Monteagudo, indícase o seguinte:

- Apartado 3.- *Descripción del ámbito territorial*, subapartado 3.4- *Medio socioeconómico y cultural*, subapartado 3.4.6.- Patrimonio cultural, recolle todos os elementos pertencentes o patrimonio cultural. Subapartado 3.9.- *Protecciones urbanísticas y protecciones arqueológicas*, verificase a existencia dos elementos e bens culturais e propónse as medidas correctoras xerais. Conxuntamente con este proxecto sectorial tramitarase a Avaliación de Impacto Ambiental.
- No apartado 4.- *Medidas de corrección y minimización de afecciones ambientales*, subapartado 4.1.- *Identificación y valoración de impactos*, remitenos a lei 9/2018, e ao EIA, onde describen os impactos e as medidas protectoras e correctoras.
- No apartado 6.- *Análisis de compatibilidad estratégica*, subapartado 6.1.- *Sostenibilidad*, utilízase os instrumentos de ordenación territorial e urbanísticos para conseguir unha adecuada coordinación territorial. Ademais no deseño do parque, terase en conta os elementos culturais, evitando as afeccións directas, e realizarase a correspondente prospección arqueolóxica.
- No apartado 7.- *Justificación del cumplimiento de la ley 2/2016 del suelo de Galicia*, subapartado 7.1.- *Artículo 39, condiciones generales de las edificaciones*, xustifica a obtención de autorización para o parque eólico nun solo rústico en base a dita lei e artigo.
- No apartado 8.- Regulación detallada del uso pormenorizado, subapartado 8.1.- Adecuación al Planeamiento urbanístico vigente, subapartado 8.1.1.- Planeamiento urbanístico, onde se recolle as diferentes normas urbanísticas dos tres concellos afectados polo PE Monteagudo: Arteixo con Normas Subsidiarias de Planeamento (1995), A Laracha con PXOM aprobado en 2003, e Carballo con PXOM de 2016.
- Anexo 3, Declaración de Impacto Ambiental de 8 de outubro de 2012. Establece a viabilidade ambiental do proxecto sempre que se cumpran as condicións que se establecen nela, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental e restante documentación avaliada. En relación con patrimonio cultural a DIA establece as seguintes condicións:
  - Tras as sucesivas modificacións do proxecto por diversas cuestións xurdidas ao longo da súa tramitación administrativa (restricións arqueolóxicas, aumento da potencia do parque), a DXPC informa favorablemente a configuración final do mesmo, sinalando que se deberá realizar un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do parque eólico.
  - Antes do inicio das obras elabórase un proxecto arqueolóxico que sera autorizado pola DXPC, no que se incorporan as medidas correctoras e protectoras que figuran no documento da mesma Dirección Xeral o 28.07.2011.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- O aeroxerador A1.2, xunto coa toda a súa infraestrutura asociada, atópase a 86 metros do xacemento arqueolóxico Túmulo 3 de Chousa de Rapadoiro Vello (GA15041036), dentro do contorno de protección.
- Os aeroxeradores A1.1 e A1.2 xunto coa súa infraestrutura asociada, proxéctanse no contorno de protección (delimitado segundo o PXOM do concello de Carballo) dos túmulos de Carballedo 1 (GA15019037), 2 (GA15019038) e 3 (GA15019041).
- As obras do terraplén do vieiro entre os aeroxeradores A1.1, A1.2 e a subestación, sitúase a 194 metros do túmulo de Carballedo 3.
- No anexo H do EsIA, Estudo Arqueolóxico, sinálase que a análise da cartografía LiDAR e do mapa de pendentes permitiu identificar catro posible xacementos: dous ao nordeste dos túmulos de Chousa do Rapadoiro Vello (x: 531800.52, y: 4794954.33 e x: 531648.36, y: 4794905.15), e dous cerca do lugar coñecido como O Bosque (x: 532240.60, y: 4793419.71 e x: 532201.09, y: 4793493.26). Os primeiros están fora da área de afeccións das obras proxectadas, pero sería necesario verificar a súa natureza cunha limpeza da zona. No segundo caso, tamén sería necesario realizar unha limpeza máis detallada da zona, xa que de confirmarse o seu carácter arqueolóxico, poderían verse afectados polas obras do vieiro de acceso ao aeroxerador A.1 (a 10 e 58 m respectivamente do terraplén do vieiro).



- Revisada a cartografía LiDAR e do mapa de pendentes, obsérvase unha anomalía topográfica (coordenadas UTM x: 531073.04, y: 4794199.32) que estaría afectado por unha explanación a escasos metros dun cruce de vieiros.
- Dentro da poligonal do parque aínda que fora da área de afección das obras proxectadas atópase o topónimo *Monte de Castro* (UTM x: 530727.27, y: 4794417.55).
- Os xacementos arqueolóxicos Chouso do Rapadoiro Vello (1, 2 e 3), non están recollidos no catalogo de patrimonio do PXOM concello de A Laracha, aínda que si no PBA, polo que de xeito complementario e subsidiario teñen un área de protección 200 m., dende o límite máis exterior do ben.
- No Proxecto Sectorial no subapartado 3.4.6.- Patrimonio Cultural, recóllense todos os elementos arqueolóxicos, aínda que faltan topónimos Muralla (TO15041009) e Capilla (TO15019005). O topónimo Muralla, aparece na cartografía do catastro tanto como Muralla como As Murallas.
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de Impacto Ambiental cos datos e planimetría do Proxecto Sectorial, compróbase que non existen diferencias nas características do proxecto.

## INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación de referencia e nas consideracións técnicas, informo **desfavorablemente** o parque eólico Monteagudo tal e como o reflecten os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monteagudo, octubre 2021*, e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Monteagudo, octubre 2021* dado que o deseño do proxecto non é compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm.126, o 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 3 - 2º  
15781 Santiago de Compostela

EIA e PS do Parque Eólico Monteagudo  
Arteixo, A Laracha e Carballo (A Coruña)

